

PRESENTACIÓN DA WEB DA CPMA-VIGO

RESUMO

A Xunta Directiva da Delegación do COAG en Vigo, en desenvolvemento da súa iniciativa programática e estratéxica de fomentar a participación dos Colexiados e fomentar a divulgación da arquitectura e a laboureira dos arquitectos cara á sociedade, crea a páxina web da Comisión de Planeamento e Medio Ambiente como medio máis adoito e económico para a organización, traballo e divulgación dos contidos referentes á arquitectura do territorio na súa demarcación.

Os obxectivos da web son manternos ó día nas novidades da materia, fomentar os estudos e proxectos sobre o ámbito xeográfico da demarcación, analizar e discutir normativa, teorías, metodoloxías e opinións... pero co valor engadido de amosar directamente ó público a nosa actividade como xeito de fomentar o coñecemento da arquitectura do territorio, pór en valor a nosa experiencia e seguir a ser o referente profesional do urbanismo e o medio ambiente.

Na medida en que traballemos na web, así será a nosa aportación á sociedade e o noso prestixio.

PRESENTACIÓN DA WEB DA CPMA-VIGO

Na estrutura colexial do COAG as Delegacións conforman a súa organización territorial que garante a proximidade da súa presenza ante os colexiados e ante a sociedade.

Serán de responsabilidade directa das Delegacións a proxección da cultura arquitectónica no seu ámbito de actuación, as relacións coa Administración Local e as actividades de formación dos seus colexiados.

Asimesmo, e no seu ámbito, a Delegación poderá serverse de comisións, como a de Planeamento, para o mellor desenvolvemento da actividade colexial e do servizo prestado ós colexiados e á sociedade en xeral.

A Comisión de Planeamento e Medio Ambiente da Delegación de Vigo ten unha larga historia de actividade que inclúe a elaboración de traballos de estudo de temas urbanos e territoriais, formulación de suxestións e alegacións tanto a planeamento territorial e xeral como a proxectos de normativa autonómica e local, convenios coa administración local para a elaboración de planeamento, a discusión e elaboración de informes sobre a aplicación de normativa e a programación de cursos e xornadas técnicas.

O traballo participativo da Comisión garante o uso axeitado do máximo valor que ten a Delegación que é o propio coñecemento e experiencia dos seus colexiados, fomentando así o afondamento e mellora na ciencia urbanística, territorial e medioambiental para mellor servizo á sociedade.

Manter esta participación do colectivo nas actividades colexiais vén sendo unha tarefa ano tras ano máis complicada ó ter que adaptar os modelos de traballo á realidade do crecemento exponencial de colexiados. A convocatoria presencial na sé da Delegación da Comisión non semella operativamente axeitada cando somos máis de quinientos arquitectos só na demarcación de Vigo. Recoller deste xeito as nosas inquiredanzas, opinións, dúbidas, traballos... é xa imposible: implicaría a aceptación dunha merma de participación e deste xeito estaríamos a estragar o noso máximo valor.

Por outra banda estamos nun momento de refundación colexial ó ter que adaptar a súa dinámica económica non xa a un momento de escasa actividade arquitectónica, senón a unhas disposicións legais de obrigado cumprimento que non admiten o uso das cotas de colexiación e visado para sufragar outras actividades colexiais.

Destas consideracións xurde a necesidade de crear a páxina web da Comisión de Planeamento de Vigo como o medio máis adoito e económico para fomentar a participación dos colexiados e ó mesmo tempo server de portelo divulgativo da súa actividade.

Os fins seguen a ser os mesmos: mantermos ó día nas novidades da materia, fomentar os estudos e proxectos sobre o ámbito xeográfico da demarcación, analizar e discutir normativa, teorías, metodoloxías e opinións... pero co valor engadido de amosar directamente ó público a nosa actividade como xeito de fomentar o coñecemento da arquitectura do territorio, pór en valor o nosa experiencia e seguir a ser o referente profesional do urbanismo e o medio ambiente.

Na medida en que traballemos na web, así será á nosa aportación á sociedade e ó noso prestixio.

A web deséñase sobre a plataforma wordpress: gratuíta, moi estendida, sinxela, en constante actualización e que admite o galego. Sería preferible facer uso dos recursos web do COAG, mais a súa actual política de publicación obríganos a recurrir a medios alleos. Isto ten o inconveniente para os colaboradores de terse que fornecer dunha conta wordpress, pero é un mal menor que ademais incita á súa promoción cara as ferramentas web e mailo uso de redes sociais. Se aproveitamos ista falla para o asentamento dos arquitectos na interrede, pois benvinda sexa.

A web é realmente dous blogs: un de acceso público coa maioría dos contidos e outro de acceso privado a colexiados COAG, que serverá para a propia organización interna da Comisión e ás discusións máis sensibles. A estrutura da web, a política de publicación, seu deseño, os autores e administradores... todo, todo queda en mans do seu propio devenir e mailos acordos que tome a Comisión. Este inicio é iso: unha faísca de arranque.

Para rematar, cómpre reiterar o dito: ista web só depende do noso traballo, da nosa aportación ó coñecemento, mellora e divulgación da arquitectura do territorio, da nosa aportación á sociedade e da aportación ó noso propio prestixio como profesionais de referencia na materia.

En Vigo, a 24 de outubro de 2011

Anxo de la Puente Fernández

Presidente CPMA COAG-Vigo

(documento en formato pdf con sinatura dixital incrustada)